


O Grupo Municipal Popular do Concello de Xinzo de Limia, ao abeiro do previsto no artigo 91.4 do R.D 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime Xurídico das entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación municipal a seguinte moción para a súa inclusión e debate no vindeiro Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A localidade de Xinzo de Limia, mantén este nome foneticamente dende moi antigo, aínda que ortograficamente se teña escrito de distintos xeitos ao longo da historia:

Co nome de Geinzo aparece xa recollido por exemplo no testamento do Rei Alfonso IX, no documento polo que lle deixa o realengo de “Geinzo” á súa amante Estefanía Pérez. (...) *Notum sit per hoc scriptum tam presentibus quam futuris quod ego Adefonsus, Dei gratia rex Legionis et Gallecie, do et hereditario iure concedo in perpetuum vobis domne [Stephanie Petri] totum illud [meum **regalen**]gum de **Geinzo** et de Villamaiori (...)*

Tamén como exemplo, a partir dos século XV, nos Libros de Maiordomía da Xurisdición, atopamos o nome indiferentemente escrito como Xinço, Xinzo, Jinzo ou mesmo Ginzo, ou aínda en algúns documentos escrito como Guinzo.



Xinço
Requento de la mayordomía
de xingo por don xpoua. l.
de la zquez de rroa conda
dor Suez de rentas ya
peñaciones por su excel
conde de monterrey Ye

Despois de todas as formas ortográficas que acadou o nome da poboación, Xurisdición ou Concello, ao longo da historia. Por mor da lei de normalización lingüística de Galicia do 05/02/1985 desenrolada no decreto 332 de 26 de Xullo do 1996 a Vila e o Concello chámanse oficial e definitivamente Xinzo de Limia coincidindo xa que logo a fonética coa ortografía oficial galega.

Nos últimos anos, e nomeadamente por mor do espallamento e universalización das redes sociais e de internet, estamos a ver con preocupación que non se esta a cumprir a devandita lei de normalización lingüística, no tocante ao uso do nome oficial de Xinzo de Limia observando que se utiliza no seu caso o de “Ginzo”, producíndose un evidente dano, non só na terxiversación da nosa lingua e do noso topónimo, senón que ademais representan un evidente prexuízo económico, xa que a busca do nome nas redes de comunicación da xeralmente resultados erróneos que inciden mesmo nos intereses económicos, derivados dá posta a disposición dos usuarios dos servizos turísticos, comerciais, agrícolas, industriais, etc.

Por todo lo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Xinzo de Limia eleva ao Pleno, a aprobación dos seguintes acordos:

1. Comunicar, de xeito fehaciente, ás empresas e operadores das redes sociais como MICROSOFT, FACEBOOK. INSTAGRAN, WHATSUP, BIN, GOOGLE e outros, que utilicen para indicar e referirse a esta localidade e Concello, o nome oficial de Xinzo de Limia, e o modifiquen naqueles sitios onde se estea a utilizar erradamente, nomeadamente nos mapas de localización xeográfica.
2. Instar ao Goberno do Estado a modificar en todos os recursos da administración do Estado que non o teñen feito, o nome de Xinzo de Limia polo de Ginzo de Limia.
3. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia para que apoie a petición deste concello perante as empresas e operadores das redes sociais como MICROSOFT, FACEBOOK. INSTAGRAN, WHATSUP, BIN entre outros, instándoas a que utilicen para indicar, e referirse a a esta Localidade e Concello, o nome oficial de Xinzo de Limia, e o modifiquen naqueles sitios onde se estea a utilizar erradamente como nomeadamente GOOGLE MAPS entre outros.

Xinzo de Limia 15 de febreiro 2017